

MIGUEL VILAR PROPÓN UN DEBATE ENTRE OS ALCALDABLES DE RÁBADE PARA RESPONDER ÁS CUESTIÓNS QUE INTERESAN AOS VECIÑOS E VECIÑAS

Vilar indica que a súa intención “é que sexa un diálogo aberto á cidadanía, para que os asistentes poidan realizar as cuestións de actualidade e de interese que máis preocupan á poboación de Rábade”

A organización do debate responde ao propósito de promover a participación cidadá incluída no programa do PSOE

Rábade , 13 de maio de 2015 .- O candidato socialista á alcaldía de Rábade – Miguel Vilar- propón a celebración dun debate a catro bandas cos tres alcaldables de Independentes por Rábade, PP e BNG.

Vilar indica que a súa intención “é que sexa un diálogo aberto á cidadanía, para que os asistentes poidan realizar as cuestións de actualidade e de interese que máis preocupan á poboación de Rábade”. A organización do debate responde ao propósito de promover a participación cidadá incluída no programa do PSOE, co obxectivo de garantir un goberno transparente e sen nada que agochar.

O socialista propón que os asistentes formulen entre 10 e 15 preguntas, cun tempo de resposta de minuto e medio para cada candidato. Deste xeito, todas as forzas políticas do municipio poderán expoñer ante á cidadanía ás explicacións que solicitan e definir as propostas que inclúen no seu programa electoral.

O candidato socialista promove este debate aberto ao que convida a todos os veciños e veciñas de Rábade para que coñezan de primeira man os proxectos para o municipio das diferentes formacións políticas que concorren aos comicios do 24 de maio. Por iso, Miguel Vilar está a trasladar á súa proposta ao resto de candidaturas.

